



## CONCURSO DE TRASLADOS ABERTO E PERMANENTE

<b>Convocatoria única</b> de vixencia indefinida	Publicidade en DOG do inicio do prazo de inscrición para as distintas categorías.
<b>Inscrición</b> aberta	En calquera momento a través de Fides/expedient-e.
Participación <b>condicionada</b>	Admitiranse as solicitudes de participación condicionadas por razón de convivencia familiar.
<b>Solicitud</b> de participación	Presentación da solicitude de participación mediante <b>REXISTRO ELECTRÓNICO (Lei 39/2015)</b> .
Potenciais <b>destinos</b>	O formulario fará visibles, para a súa selección, os <b>potenciais destinos</b> -prazas básicas do cadro de persoal das institucións sanitarias do SERGAS- aos que o/a profesional <b>poderá optar en función da súa categoría de pertenza</b> , con independencia de que estean ocupados por persoal temporal ou fixo.

<b>CICLOS ANUAIS de adxudicación</b>	<b>Adxudicación de destinos</b>	Cada <b>ano natural</b> terá lugar unha <b>adxudicación de destinos</b> nas distintas categorías.	
	<b>PRAZOS</b> a ter en conta en cada ciclo anual de adxudicación:	<b>Cómputo de Méritos</b>	Data límite de <b>cómputo de méritos</b> : <b>15 de decembro do ano anterior</b> .
		<b>Inscrición</b>	Data límite de <b>inscrición</b> : <b>15 de xaneiro do ano en curso</b> .
		<b>Acreditación requisitos e méritos</b>	Data límite <b>acreditación requisitos e méritos</b> : <b>15 de xaneiro do ano en curso</b> .
		<b>Cómputo de prazas</b>	Data límite de <b>cómputo de prazas</b> : <b>31 de decembro do ano anterior</b> .
		<b>Publicidade</b>	Publicidade do <b>número de prazas</b> ofertadas: <b>1º trimestre de cada ano natural</b> .  A través de <b>DOG e páxina web</b> ( <a href="http://www.sergas.es">www.sergas.es</a> ).  Con apertura dun prazo de <b>15 días naturais</b> para poder modificar <b>EXCLUSIVAMENTE</b> a <b>selección de prazas</b> efectuadas na inscrición inicial. Esta modificación efectuarase a través de <b>FIDES</b> , presentarase en <b>REXISTRO ELECTRÓNICO</b> e <b>NON</b> requirirá a entrega de ningunha documentación.



## CONCURSO DE TRASLADOS ABERTO E PERMANENTE

<b>Desistencia ou renuncia</b>	<p><b>Desistencia ou renuncia á participación no concurso:</b></p> <ul style="list-style-type: none"><li>• <b>Prazo:</b> En calquera momento,</li><li>• <b>Procedemento:</b> mediante rexistro electrónico e dirixido á mesma unidade de validación que a inscrición.</li><li>• <b>Efectos:</b> As renuncias presentadas entre o 16 de xaneiro de cada ano e a data de publicación da resolución definitiva de cada concurso <b>producirán efectos no seguinte proceso</b>. Non se admitirán para a súa efectividade no ciclo de adxudicación en curso as renuncias presentadas no intervalo temporal indicado.</li></ul>
<b>Modificación da solicitude</b>	<p><b>Prazos:</b></p> <p>a) Desde o día seguinte á publicación no DOG da relación de adxudicatarios de cada ciclo anual ata o 15 de xaneiro seguinte, o/a profesional poderá efectuar as modificacións que estime oportunas.</p> <p>b) Permitirase ademais modificar a selección de prazas dentro dos 15 días naturais seguintes á publicación en DOG dos destinos ofertados en cada ciclo anual de adxudicación.</p> <p><b>Procedemento:</b></p> <p>A través de Fides/expedient-e.</p>
<b>Vixencia da solicitude</b>	<p>a) <b>Profesionais que resulten adxudicatarios dalgún destino, aínda que non sexa a súa primeira opción:</b> para participar en próximos concursos de traslados deberán presentar unha <b>nova solicitude</b> a través de Fides.</p> <p>b) <b>Profesionais que non resulten adxudicatarios de ningún destino:</b> <b>Continuará vixente</b> a solicitude para o seguinte ciclo anual de adxudicación, agás renuncia expresa do/da interesado/a.</p>